

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de abril de 2024 realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática o 16 de abril 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes e, en vista do mesmo, a Mesa acorda, tamén por unanimidade dos/as membros presentes, excluír deste procedemento a ASAC COMUNICACIONES, S.L. e GLOBAL DOMINION ACCESS, S.A. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I –FEC- do PCAP ("Limiar mínimo de puntuación: aquelas ofertas que non obteñan unha puntuación mínima de 20 puntos, no conxunto de elementos a valorar mediante criterios dependentes de xuízo de valor, quedarán excluídas da licitación.").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro, instalación e configuración da electrónica de rede municipal incluíndo sistemas de comunicacións do cpd municipal, electrónica de rede de planta así como a electrónica de rede das sedes remotas (10202-113)

Procédese, en acto público, á apertura do sobre C "Proposición avaliada mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de core ou nodo central	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de CPD	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de enrutamento OSPF	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 48 portos POE	Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 24 portos POE
1	0.00%	1.00%	1.00%	0.50%	19.45%	7.13%
2	0.00%	15.00%	15.00%	15.00%	20.00%	20.00%



	Licitador	Porcentax e de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de core ou nodo central	Porcentax e de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de CPD	Porcentax e de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de rede de enrutamento OSPF	Porcentax e de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 48 portos POE	Porcentax e de desconto a aplicar ao prezo unitario dos equipos electrónica de acceso de 24 portos POE
3	0.00%	0.00%	0.00%	0.00%	0.00%	0.00%

Asiste como público á apertura:

1. Luciano Novo Albes, , en representación de SERVICIOS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA S.A. (SATEC)
2. Verónica Torres Cepeda, en representación da empresa EDNON, S.L.
3. Victor Rodríguez Martínez, en representación de ASAC COMUNICACIONES, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

O que publicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido íntegro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consultalo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

